

VIEIROS

Edición xeral

CULTURA SOLIDARIA GALEGA XA ESTÁ EN NÍXER

Tres galegos no país máis pobre do mundo

[Francisco Fernández Naval](#), [Camilo Franco](#) e [Afonso Costa](#) visitan nestes momentos os centros terapéuticos tradicionais de Maiahi (Níxer), onde os nenos son sometidos a un plan de recuperación intensiva -a base de leite enriquecido- dun mes de duración, que decide o seu traslado -ou non- aos centros nutricionais de [Acción Contra a Fame](#), a oenegé que organiza a viaxe dentro da súa campaña *Racha co silencio*. A recuperación alí pode prolongarse até seis meses. Os galegos terán tempo para visualizar algunhas das experiencias extremas do [Níxer](#): 46 anos de esperanza de vida e taxas do 131 e o 34% se falamos de mortalidade infantil e malnutrición. O delegado de Acción Contra a Fame en Galiza, Pepe Esteller, sinalou que o obxectivo se substanciará á volta: charlas, coloquios, unha exposición de Costas para colleitar fondos e un libro-catálogo con textos de Franco e Naval e ilustracións do pintor. Editará [Xerais](#).

- 15:21 04/04/2006